

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Expediente núm.: 3815/2026

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Selección de Persoal e Provisión de Postos

Asunto do Expediente: PROCESO SELECTIVO PERSOAL DOCENTE E DIRECTIVO PROG.
FORMAC-EMPREGO XUVENTUDE II - TITOR/A 2026

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

Por Resolución de alcaldía de data 31/07/2026 aprobouse a convocatoria e as bases para a selección do equipo docente e directivo do Programa de Formación-Emprego Talento Mozo "XUVENTUDE II".

O anuncio de convocatoria deste proceso selectivo publicouse no BOP da Coruña nº 149 do 07/08/2026, e as correspondentes bases foron publicadas no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web do concello www.boiro.gal e no taboleiro correspondente do SEPE.

O 14/08/2026 rematou o prazo para a presentación de instancias de solicitude para tomar parte no proceso selectivo, presentándose un total de 2 solicitudes.

Logo de revisadas as solicitudes de participación e comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos nas bases que rexen esta convocatoria, procede aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas.

Vista a proposta de resolución PR/2026/1965 de 18 de agosto de 2026.

RESOLUCIÓN

Primeiro.- Declarar provisionalmente admitida no proceso selectivo destinado á selección dun/ha Titor/a para o Programa de Formación-Emprego Talento Mozo "XUVENTUDE II", á seguinte persoa por ter presentada en forma e prazo a documentación relacionada nas bases que rexen este procedemento:

Nome	CELGA 4	AUTOBAREMO
LETICIA VÁZQUEZ VIGO	EXENTO/A	SI

Segundo.- Declarar provisionalmente excluída no proceso selectivo destinado á selección dun/ha Titor/a para o Programa de Formación-Emprego Talento Mozo "XUVENTUDE II", á seguinte persoa polo seguinte motivo de exclusión:

Nome	CELGA 4	AUTOBAREMO	MOTIVO EXCLUSIÓN



NURIA PIÑEIRO DIESTE	NON EXENTO/A	NON	TITULACIÓN
----------------------	--------------	-----	------------

Terceiro.- Facer pública, mediante a súa inserción no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na web www.boiro.gal, a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, dispoñendo as persoas aspirantes excluídas dun prazo de 2 días hábiles, a contar dende o día seguinte ó da súa publicación para a emenda dos posibles defectos e omisións na documentación presentada.

Dispoñen do mesmo prazo as persoas que, presentando debidamente a solicitude no proceso, non consten nin como admitidas nin como excluídas na lista publicada.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando da documentación que deben presentar tras superar o proceso se deduza que non posúen algún dos requisitos, as persoas interesadas decaerán en todos os dereitos que puideren derivar da súa participación.

Cuarto.- Dar conta ó Pleno na primeira sesión ordinaria que se convoque.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

DECRETO
Número: 2026-1157
Data: 18/08/2026

Cod. Validación: 3H4JPO2RX9E7YZTF2MGFHDY9N
Corrección: <https://boiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2

